

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024 pola que se modifica a Resolución do 25 de outubro de 2023 pola que se conceden as axudas do ano 2024 para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia (IN854A).

No *Diario Oficial de Galicia* do 3 de novembro de 2023 publicouse a Resolución do 25 de outubro de 2023, pola que se adxudican as axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia, convocadas pola Resolución do 29 de xuño de 2023 (*Diario Oficial de Galicia* número 133, do 13 de xullo).

Conforme o establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación acordou ampliar en 1.000.000 € os créditos destinados a estas axudas no exercicio 2024.

Despois da tramitación e aprobación do correspondente expediente económico, modificáronse as axudas concedidas para o exercicio 2024 aos centros tecnolóxicos. En consonancia, publícase o importe actualizado das axudas concedidas.

Polo que antecede,

RESOLVO:

Incrementar a dotación das axudas concedidas para o exercicio 2024 aos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia polos importes que se indican na táboa seguinte:

Entidade beneficiaria	Importe inicial axuda 2024	Importe ampliación axuda 2024	Importe final axuda 2024
Fundación para la Promoción de la Innovación, Investigación y Desarrollo Tecnológico en la Industria de Automoción de Galicia	551.492,28 €	177.900,74 €	729.393,02 €
Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas Pescados y Mariscos-Centro Técnico Nacional de Conservación de productos de pesca	368.834,53 €	118.978,88 €	487.813,41 €
Fundación Centro Tecnológico de Eficiencia e Sostenibilidade Enerxética	170.350,21 €	54.951,68 €	225.301,89 €
CIÚster Da Acuicultura	215.962,22 €	69.665,23 €	285.627,45 €

CVE-DOG: aeyyhv18-7x62-fjh4-3zf4-6dpasdk3uos4



Entidade beneficiaria	Importe inicial axuda 2024	Importe ampliación axuda 2024	Importe final axuda 2024
Asociación De Investigación Metalúrgica del Noroeste-Centro Tecnolóxico Aimen	482.892,30 €	155.771,71€	638.664,01 €
Fundación Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial	346.657,03 €	111.824,85 €	458.481,88 €
Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicaciones de Galicia	482.869,64 €	155.764,40 €	638.634,04 €
Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia	310.099,89 €	100.032,22 €	410.132,11 €
Fundación Centro Gallego de Investigaciones del Agua	170.841,90 €	55.110,29 €	225.952,19 €

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2024

Carmen Cotelo Queijo
Directora da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: aeyyhv18-7x62-fjh4-3zf4-6dpasdk3uos4

